

John Thompson. 2009. *As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia. 276 pp.

O profesor estadounidense John Thompson (Montana, 1971) articula n' *As novelas da memoria* unha proposta de rememoración, na que pretende analizar as novelas que elaboran a memoria da Segunda República, da guerra civil e da ditadura franquista, servíndose dunha abordaxe interdisciplinaria. O profesor da Universidade do Estado de Montana faino dende unha perspectiva exterior,

por vir de fóra de Galiza e por situarse fóra do sistema literario e das institucións académicas galegas. A súa é, xa que logo, unha visión neutra e, *a priori*, non condicionada da nosa literatura.

O traballo do profesor Thompson presenta aspectos certamente moi positivos. Son dignas de valoración tanto a súa novidade coma a súa oportunidade –pola perspectiva histórica da que xa se dispón e polo auxe de iniciativas de recuperación da memoria histórica. Na nosa consideración, en pleno século XXI e transcorridas máis de tres décadas dende a fin da ditadura, resulta fundamental romper de vez esa especie de pacto de silencio latente aínda en certos sectores respecto dese período, da etapa republicana e da guerra que a derrubou. Como acontece con todos os tipos de represión e silenciamento das manifestacións políticas e culturais (o control censorial, por exemplo) e o trauma colectivo que estes provocan, resulta indispensable sacalos á luz, elaborando e reconstruíndo a través da memoria colectiva os acontecementos históricos para lograr facelos visíbeis e, xa que logo, poder superalos como sociedade.

Neste sentido, o traballo de Thompson contribúe a dar visibilidade a todo un corpus ligado pola súa temática e, deste xeito, a facelo máis presente de cara ao público e á crítica. Moi acertadamente, Thompson pon de manifesto que grazas ao libro como obxecto e *lugar de memoria* supérase a inercia de autocensura social, que aínda permanecía tras o final da ditadura en amplas capas da sociedade galega e española. As novelas realistas centradas na temática do desenvolvemento e caída da República, da guerra e das súas consecuencias constituirían así “exhumacións simbólicas” (p. 199).

Resultaba sen dúbida necesario abordar esta parcela pouco explorada da literatura contemporánea. Cómprenos, como sociedade e como analistas dos fenómenos culturais, tomar conciencia da importancia de coñecermos e de sacarmos á luz pública un período silenciado e até certo punto negado (a Segunda República), así como o trauma colectivo da guerra civil e a subseguinte ditadura franquista. É innegábel a utilidade de desentrañar os efectos de todos eses fenómenos sobre os diferentes axentes culturais e, nomeadamente, literarios.

Así, ademais da novidosa abordaxe interdisciplinar, destacan como aspectos valiosos un agrupamento temático interesante e necesario, que conduce á configuración dun corpus e que supón a apertura de novas vías para futuras aproximacións sistemáticas ao campo de estudo.

O volume artéllase en dez capítulos: “Novelas, represión, falacias e esquecemento”, “O posmodernismo e as novelas: interrelacións orixinais para reelaborar a memoria”, “Memoria, trauma e oralidade”, “Pegadas espectrais”, “Historiografía, autobiografía e novela. Cuestións sobre a representación da historia e da memoria”, “Revisionismo, maniqueísmo e *zona gris*”, “O medo ao revisionismo, materiais factuais e autenticidade”, “Militancia literaria e cuestión nacional”, “Comunidades imaxinadas” e “Sexismo e feminismo”, para pecharse cun conciso capítulo de conclusión.

O profesor Thompson ocúpase do xénero novelesco, como espazo privilexiado da sociedade onde foi e é posíbel “articular libremente a memoria da experiencia republicana, así como a memoria do trauma causado polo fascismo” (p. 12). Para o estudo, establécese un corpus de 43 obras –recollido na listaxe que figura ao final do volume–, malia centrarse de facto nun conxunto ben máis reducido de títulos. Así, son obxecto dunha análise detallada, malia estar ás veces dispersa nos diferentes capítulos, as novelas *Desfeita*, *Agosto do 36*, *Pensa nao*, *Polos fillos dos fillos*, *Amor de tango*, *O lapis do carpinteiro*, *Non volvas*, *Land Rover*, así como *Os mortos daquel verán*, *Scórpio*, *As rulas de Bakunin*, *Como levar un morto*, *A fraga dos paxaros salvaxes* ou *Non agardei por ninguén*, entre outras. Dáse un tratamento moi desigual das novelas incluídas no corpus, tanto en amplitude coma en profundidade da análise. A preferencia por unhas obras e non outras é un dereito que corresponde exercer, sen dúbida, ao autor, libre para aplicar o seu criterio. Con todo, na nosa opinión non debería desbotarse unha análise exhaustiva e sistemática do conxunto do corpus, que permitiría talvez obter unha visión global e tirar unhas conclusións sólidas respecto das características que posúe, da súa evolución e variantes.

No volume salientase a especial efectividade dos textos novelescos como espazos privilexiados para a exploración e representación da memoria de traumas históricos (como o Holocausto ou a guerra civil, pola capacidade de profundaren nas historias individuais, de presentaren testemuños máis ou menos ficcionalizados e de transmitiren emocións. Ao longo do ensaio, as novelas vense máis como “proxectos ético-ideolóxicos”, e non tanto como manifestacións artísticas, fillas dunha sociedade pero presentadas a través do filtro da obra artística. Nesta interpretación da obra literaria, os personaxes poden acadar un carácter de “símbolos esencializados” (p. 189) e de modelos de conduta proxectábeis nun determinado modelo de sociedade. Así, nalgúns momentos queda esvaída a percepción da fronteira entre autor real, autor

implícito e narrador, dun xeito desconcertante. Esta indefinición dos límites entre o autor real (como persoa física e ser histórico), a figura do autor implícito (nunha obra concreta) e a figura do narrador (entidade meramente textual) que preside o volume está relacionada coa lectura das novelas como proxectos ideolóxicos.

O profesor Thompson acomete as diferentes concrecións que pode ter a relación entre historia e ficción, dende a autobiografía e a novela autobiográfica (con cultivo preferente nos autores de primeira e segunda xeración) até a novela, que pode presentar un maior ou menor grao de aproveitamento de fontes de documentais e de intertextualidade. Estúdanse tanto obras centradas na temática da Segunda República, coma novelas relacionadas coa guerra civil e a ditadura, producidas por autores procedentes da primeira, segunda e terceira xeración, e encadrábeis no xénero autobiográfico, na novela autobiográfica ou na novela. Así mesmo, o texto explora as vantaxes da novela autobiográfica sobre a autobiografía, á hora de transmitir emoción e, sobre todo xerar unha solidariedade encamiñada á toma de conciencia no lector ideal. A capacidade de condensación, de intensificación dos contidos mediante estratexias literarias, a flexibilidade na focalización serían outras vantaxes para canalizar dun xeito óptimo cara á sociedade unha mensaxe de rehabilitación da memoria histórica.

359

Como xa puxo de manifesto a crítica, bótanse en falta referencias bibliográficas fundamentais do campo dos estudos galegos no relativo ao tratamento dos acontecementos do 36 e das súas consecuencias. As presentacións teóricas (arredor da arte posmoderna no capítulo 2, a procura de revisionismo no capítulo 6 ou as teses de Doris Somner en *Foundational Fictions: The National Romances of Latin America* (1991), por exemplo) non sempre se revelan pertinentes nin produtivas, sobre todo tendo en conta as características verdadeiramente presentes nos textos galegos, para alén dalgún trazo illado. Por outra banda, queda pendente profundar máis en obras menos referenciais, menos realistas, menos explícitas, así como no outro xénero narrativo: o conto, que foi e é tamén unha canle interesante de desenvolvemento da temática da Segunda República, a guerra e as súas consecuencias.

As continuas referencias a filmes alleos á Galiza (españóis ou norteamericanos), o tratamento de obras ou de manifestacións no debate público de autores alleos a Galiza (Miguel Delibes ou Pérez Reverte, por exemplo, pp. 188,

107-108), así como as consideracións sobre discursos políticos no ámbito parlamentario español levan aparellado un risco claro: poden contribuír a crear unha impresión de falta de independencia da literatura galega, cando semella innegábel que esta acadou un notábel grao de autonomización malia todas as dificultades.

A medio camiño entre o estudo sociolóxico, a Historia do presente e os estudos literarios, enriquecidas ademais con referencias a discursos políticos e á psicoloxía, *As novelas da memoria* non resulta facilmente clasificábel. Máis que un estudo literario, a obra revélase finalmente como intento de aproximación á sociedade contemporánea galega (isto é, da segunda metade do século XX até a actualidade), para configurar unha proposta de reflexión sobre a nosa identidade colectiva, aproveitando diversas ferramentas e centrándose nun corpus novelístico concreto como campo de estudo. O seu público non ten por que estar composto necesariamente, xa que logo, por estudiosos da literatura ou lectores especializados en narratoloxía. Pola contra, ofrece unha presentación aberta, ben lonxe da rixidez académica e accesíbel a diversos perfís de destinatarios.

360

En todo caso, a abordaxe que se desenvolve n' *As novelas da memoria* achega ao campo de estudo da análise literaria a posibilidade de abrir novas liñas de exploración do texto literario en si, que permitirán completar a súa análise integral. Insistimos en que era necesario acometer este labor de análise dos textos, así como seguir profundando nos fenómenos históricos, políticos e socioculturais que os condicionan.

Para concluírmos, *As novelas da memoria* constitúe un traballo ousado, que reflicte un esforzo por achegarse á literatura galega dende unha perspectiva allea e moi afastada e que, desá maneira, contribúe á dinamización do panorama dos estudos literarios galegos.

*Teresa Bermúdez*